

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES NO ÁMBITO DO TURISMO, EDUCACIÓN, SAÚDE E DEPORTE NA CIDADE DE PONTEVEDRA. ANO 2023.**

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE POR:**

Pode verificar a integridade deste documento  
no enderezo: <https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación (CSV):UZFGAYGCRDDUYS4A



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES NO ÁMBITO DO TURISMO, EDUCACIÓN, SAÚDE E DEPORTE NA CIDADE DE PONTEVEDRA. ANO 2023.**

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

### **INTERVEÑEN**

Dunha parte, D.<sup>a</sup> María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Doutra, D. Miguel Anxo Fernández Lores, quen actúa no nome e representación do Concello de Pontevedra, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra e D. José Carlos Castiñeira Piñeiro, en calidade de secretario do Concello de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

As partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

### **EXPOÑEN**

I.- A Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II.- Que os artigos 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 80 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, dispoñen que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e



prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades de aspiracións da veciñanza. En concreto, os artigos 25.2. g) e m) LRBRL e 80.2.g e n) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, atribúen aos concellos o exercicio de competencias en materia de feiras e mercados, actividades, instalacións e promoción cultural e deportiva, así como de ocupación do tempo lecer e o turismo.

Por outra banda, o art. 36.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal así como a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas.

III.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e demais normativa de aplicación.

IV.- Que o Concello de Pontevedra, amosa o seu interese no desenvolvemento e execución de diversos programas relacionados coa ciencia, a educación e a saúde, así como un programa para a promoción do turismo gastronómico, durante o ano 2023, en colaboración coa Deputación de Pontevedra, cos seguintes fins:

- Promover as boas prácticas persoais e familiares no ámbito da saúde e benestar.
- Establecer conexións coas organizacións e dependencias no ámbito da saúde da provincia de Pontevedra.
- Promocionar o turismo gastronómico.
- Promover a saúde mediante actividades de produción, distribución e o establecemento de conexións coas organizacións e dependencias da nosa comunidade, Concienciar da importancia da saúde, alimentación e actividade física traballando co alumnado dos centros educativos de Pontevedra.

V.- A Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos do ano 2023, contempla unha aplicación orzamentaria, para convenios co Concello de Pontevedra.

VI.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación de Pontevedra, ambas institucións acordan aprobar o presente convenio de colaboración, para o desenvolvemento de actividades de educación, saúde, deporte, turismo e ocupación do tempo libre. na cidade de Pontevedra, que asinan agora os aquí comparecentes, con arranxo ás seguintes



## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

1.- É obxecto deste convenio, establecer as pautas de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra, para o desenvolvemento de diversas actividades no marco do programa de actividades educación, saúde, deporte e turismo e ocupación do tempo libre.

2.- Os proxectos e actividades de educación, saúde, deporte, turismo e ocupación do tempo libre financiados por este convenio, e que se desenvolverán no 2023, son os seguintes:

- IV FEIRA DA SAÚDE E BENESTAR. PONTESAN
- PONTECIENCIA. X FEIRA DA MINICENCIA
- PROGRAMA GASTRONÓMICO MESTIZAXES

### SEGUNDA.- IMPORTE E FINANCIAMENTO

O custo total das actuacións obxecto deste convenio ascende a CENTO OITENTA MIL TRESCENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (180.385,04 euros).

A Deputación Provincial financiará unha contía máxima de CENTO SESENTA MIL TRESCENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (160.385,04 euros), sendo gastos admisibles os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade conveniada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 1 de novembro de 2023.

A achega da Deputación de Pontevedra financiará o custo total subvencionable máximo das actuacións, con cargo á anualidade 2023 e contra a aplicación 2023/942.9420.462.14 do orzamento provincial (Concellos-Investmentos en Convenios (Vigo e Pontevedra).

A achega comprometida pola Deputación de Pontevedra consiste nunha contía fixa máxima, no caso de que as actividades realizadas teñan un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade das actividades, a contía da subvención reducirase proporcionalmente.

### TERCEIRA.- COMPROMISOS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

1.- O Concello de Pontevedra asume individualmente a obriga da organización e coordinación de todas as actividades realizadas ao abeiro deste convenio.

2.- Corresponderalle ao Concello de Pontevedra aprobar as correspondentes memorias técnicas, pregos de cláusulas ou documentos análogos que conteñan as condicións dos contratos necesarios



para a completa realización das actividades programadas obxecto do convenio, así como calquera outro extremo que fose necesario para a súa execución.

3.- O Concello de Pontevedra asume a obriga, de ser necesario, de obter os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.

4.- O Concello de Pontevedra comprométese na difusión do evento a facer visible a colaboración da Deputación de Pontevedra no seu financiamento.

5.- O Concello de Pontevedra deberá xustificar no prazo máximo de tres meses, dende o fin das actuacións perante a Deputación as actuacións executadas.

6.- Prestar a colaboración para facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que le correspondan á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Asemade, o Concello de Pontevedra, comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén serán de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2003, de 21 de xullo.

7.- O Concello de Pontevedra obrígase a comunicar á Deputación de forma inmediata a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.

#### **CUARTA.- COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN**

A Deputación de Pontevedra comprométese a financiar os custos derivados da organización dos citados eventos obxecto do convenio, ata a cantidade máxima de CENTO SESENTA MIL TRESCENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (160.385,04 euros), de conformidade co disposto na cláusula segunda, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, e na parte proporcional do financiamento, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial.

A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución do obxecto do presente convenio e formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

A Deputación de Pontevedra prestará a colaboración e facilitará tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo



53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da Resolución Presidencial núm. 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000,00 euros.

#### **QUINTA.- PUBLICIDADE**

En toda a documentación e informacións relativas ás actuacións derivadas do obxecto do presente convenio se incluírá a imaxe corporativa que a este fin facilite a Deputación Provincial de Pontevedra.

As accións de promoción a desenvolver no marco do obxecto do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración prestada pola Deputación de Pontevedra.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír ós principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### **SEXTA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS**

A achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo das contratacións subvencionadas.

#### **SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

Os gastos xustificadas deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, sen que abone mais que o importe xustificado co límite da subvención concedida, establecendo unha porcentaxe de desviación máxima no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao rozamento inicial do 20 %.

A documentación xustificativa a presentar polo beneficiario previa á realización do pago final será a seguinte:



- a) Conta xustificativa dos gastos, na que figurará a relación do custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo.
- b) Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo dos custo ou gastos polo importe da subvención concedida.
- c) Declaración responsable de que os gastos que figuran na conta xustificativa se aplicaron a finalidade subvencionada. Así mesmo, indicárase que o resto de xustificantes da conta estarán a disposición da Deputación parra o seu exame no caso de que sexa requirida.
- d) Memoria explicativa e detallade da realización de finalidade.
- e) Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade precedentes das distintas administracións publicas ou doutros entes públicos ou privados, na que se indicara o ser o caso e entidade concedente, data e importe total concedido.
- f) Declaración responsable de non estar a beneficiaria incurso en ningunha das causas previstas no artigo 10,2 da lei 9/2007, de 13 de xuño, subvencións de Galicia, para ser beneficiaria desta axuda.
- g) Xustificación da divulgación do financiamento da actividade por parte da Deputación.

O pago de todas as facturas que figuren na conta xustificativa debera efectuarse no prazo máximo dun mes desde a percepción dos fondos e realizarse preferentemente a través de entidades financeiras sendo obrigado en todo caso cando o importe de cada factura supere a cantidade de 900 € e que no caso de non ter contabilidade fiable so serán subvencionables os gastos que so se poidan acreditar mediante extractos bancarios independentemente do importe dos mesmos).

Así mesmo, o Concello de Pontevedra poderá facer xustificacións parcial segundo se vaian executando durante cada unha das actuacións que serán obxectos do pago parcial da subvención correspondente por parte da Deputación. A este efectos o pagamento será proporcional ao importe das xustificacións presentadas.

## **OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico. Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución das actividades a que este convenio se refire.
- A coordinación técnica das entidades asinantes nos diversos aspectos técnicos e organizativos para favorecer a promoción, difusión e organización das actividades obxecto deste convenio.



- A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten de ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- A emisión de informe en relación con cantas incidencias se produzan na execución dos contratos a que este se refire.
- A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros, e en todo caso unha vez ao mes. As súas reunións terán lugar na sede da Deputación Provincial de Pontevedra. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

#### **NOVENA.- VIXENCIA**

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actividades ás que o mesmo se refire, que en todo caso non excederá do 31/12/2023, estendéndose o seu prazo de xustificación como máximo ata o 31/03/2024.

#### **DÉCIMA.- EXTINCIÓN DO CONVENIO**

O convenio extinguirse polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1º. O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- 2º. O acordo unánime dos asinantes.
- 3º. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumplidora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

- 4º. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.





5º. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

### **DÉCIMA PRIMEIRA.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN**

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas nel, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e polo Regulamento de desenvolvemento desta Lei, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e polas restantes normas de dereito administrativo; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E, como proba de conformidade, asinan o presente Convenio, na data da sinatura electrónica.

A Presidenta da Deputación de Pontevedra

O Alcalde-Presidente do Concello de  
Pontevedra

Asdo.: M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego

Asdo.: Miguel Anxo Fernández Lores

O Secretario da Deputación de Pontevedra,

O Secretario do Concello de Pontevedra,

Asdo.: Carlos Cuadrado Romay

Asdo.: José Carlos Castiñeira Piñeiro

